

**MOOVI:
BLOQUE
«BOLSA DE
RECURSOS»**

Introdución

A presente guía ten por obxectivo explicar o funcionamento do bloque «Bolsa de recursos».

Moodle ofrece distintas opcións para poder copiar e reciclar os contidos das materias dun curso a outro (a través da restauración dunha copia de seguridade ou a través da opción «Importar»). A maiores, existe un bloque que se chama «Sharing Cart» ou «Bolsa de recursos» que permite compartir contidos entre diferentes materias en MooVi de xeito rápido e sinxelo.

Este bloque é moi útil para copiar seccións completas, recursos e/ou actividades entre materias de MooVi de xeito rápido e sinxelo. Pero se desexas copiar un curso enteiro, a opción máis recomendable é facer unha importación.

Os ítems poden recadarse e gardarse dentro da bolsa de recursos, servindo tamén como biblioteca de contidos dos cursos que empregas de xeito frecuente e dispoñibles para duplicarse cando o precises.


Bloque «Bolsa de recursos»

O primeiro que debes facer é acceder á materia na que tes os contidos que desexas copiar. Unha vez dentro preme en «Activar edición»:


The screenshot shows the Moodle course management interface. On the left is a navigation menu with options like 'Participantes', 'Insignias', 'Cualificacións', and 'ASPECTOS GENERALES'. The main content area is titled 'Iníciate en el manejo de Moodle' and contains introductory text and a list of objectives. On the right side, there is a sidebar with 'Ayuda' and 'Guías de migración'. A red box highlights the 'Activar edición' button in the top right corner of the main content area.

Na parte inferior da esquerda preme en «Engadir un bloque» e escolle «Sharing Cart» (coa interface en galego) ou «Bolsa de recursos» (coa interface en castelán):

MooVi: bloque «Bolsa de recursos»



Feito isto, no menú da dereita aparece un novo bloque e por cada sección, recurso ou actividade aparece unha nova icona con forma de cesta que nos vai permitir copialo ao bloque «Bolsa de recursos». É posible copiar na bolsa os recursos e actividades de xeito individual ou por sección/tema completo:



A medida que se engadan contidos a través da icona con forma de cesta, estes aparecen dentro do bloque «Bolsa de recursos» da dereita:

MooVi: bloque «Bolsa de recursos»

Unha vez teñas no bloque os contidos que precisas, xa podes importar noutra materia. Para iso accede ao curso no que desexas incluílos, activa edición e engade de novo o bloque «Bolsa de recursos». Aparece co contido que copiaches do outro curso. O único que tes que facer é premer na icona copiar que aparece á dereita:

Agora aparece ao final de cada sección uns espazos punteados con frechas que nos permiten incorporar o contido na sección que lle indiquemos:

Feito isto, o recurso, actividade ou sección estará copiado na materia correspondente, mantendo as características orixinais.

IMPORTANTE:

O bloque só copia a configuración da actividade, non inclúe as entregas do alumnado no curso orixinal.

Contacto

En caso de dúbidas ou incidencias, contacta con soporte.moovi@uvigo.gal